



MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20 que as modificacións dos estatutos **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para a actualización e modificación dos seus estatutos.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación, Certificado de aprobación de Estatutos, e Estatutos) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade que agora se modifican (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as seguintes indicacións:

1. **IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946B**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación dos Estatutos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome/Razón Social”** o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de **“E, na súa representación”** o nome e apelidos e nº de DNI do/a presidente/a da entidade.

Este documento deberá asinalo o/a presidente/a da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

2. **CERTIFICADO DE APROBACION DE ESTATUTOS.** Certificado do/a secretario/a da Entidade co visto e prace do/a presidente/a, conforme os estatutos foron aprobados pola asemblea xeral extraordinaria, indicando a data de celebración da mesma.

Este documento deberá asinalo o/a presidente/a e o/a secretario/a da entidade.

3. **ESTATUTOS.**-Deberán de axustarse ao modelo oficial da FGC en cada unha das especialidades, cumprimentando todos os apartados que figuran en branco, e indicando no artigo 5 os requisitos que deberán reunir os socios (*no Documento 5 figuran a modo de exemplo algúns requisitos comúns*). **A FGC aconsella que os estatutos se remitan á Federación, en formato word, para a súa revisión antes de proceder a aprobalos na asemblea.**

Os estatutos deberán asinalos o/a presidente/a e o/a secretario/a da xunta directiva, asinando todas as páxinas á marxe esquerda agás na páxina 10 que asinarán ao pé de páxina.

A FGC tamén ten a disposición daquelas entidades que o precisen, os modelos de Estatutos específicos para as diferentes especialidades deportivas de Paxariles, Field Target, Agility, etc., e mesmo para Peñas de Caza. Estes modelos poden solicitarse directamente á FGC Stgo ou ás oficinas Provinciais.

4. **TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á documentación anterior unírase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma. Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarase de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

5. **MODELO DE REQUISITOS ART. 5 ESTATUTOS.** Exemplos de requisitos para axudar a cumprimentar o art. 5 dos Estatutos